

08

Para unha historia da memoria novelada: guerra civil e franquismo na narrativa galega do século XX

Diego Rivadulla Costa
Universidade da Coruña

Resumo_ O presente artigo constitúe unha achega para a construción dunha historia da novela galega da memoria. Con este obxectivo, ofrécese unha análise diacrónica do tratamento da guerra civil e o franquismo na narrativa galega anterior ao 2000 desde a perspectiva dos textos. A revisión cronolóxica parte das primeiras novelas sobre o tema, escritas no exilio, e ocúpase a seguir da produción dos anos 80 e 90, das obras canónicas publicadas en cada unha destas décadas e especialmente daquelas outras esquecidas ou pouco atendidas pola crítica até o momento.

Palabras chave_ Narrativa galega; novela da memoria; guerra civil; franquismo; memoria histórica.

Sumario_ 1. Prólogo para unha revisión pendente. 2. Dos antecedentes e dos precursores. 3. Guerra civil e franquismo na narrativa dos 80. 4. Guerra civil e franquismo na narrativa dos 90. 5. Epílogo. Referencias bibliográficas.

For a History of the Novelized Memory: Civil War and Francoism in 20th Century Galician Novel

Abstract_ This article is a contribution to the construction of a History of the Galician memory novel. With this aim, we offer a diachronic analysis of the treatment of the Spanish Civil War and Franco's dictatorship in Galician narrative prior to 2000 from the perspective of the texts. The chronological review starts from the first novels written in exile and pays attention to the production of the 1980s and 1990s. The canonical narratives are examined, but especially those that have been forgotten by critics until now.

Key words_ Galician narrative; memory novel; Spanish civil war; Franco's dictatorship; historical memory.

Contents_ 1. Prologue to an overdue revision. 2. Background and precursors. 3. Civil War and the Franco regime in 1980s fiction. 4. Civil War and the Franco regime in 1990s fiction. 5. Epilogue. References.

A presente investigación está financiada con fondos do Programa de axudas á etapa posdoutoral da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Universidade).

Diego Rivadulla Costa. Orcid 0000-0002-0163-8140. diego.rivadulla@udc.gal. Universidade da Coruña.

1.

Prólogo para unha revisión pendente

Os estudos publicados nos últimos anos sobre a denominada novela galega da memoria, aquela que tematiza episodios relacionados coa guerra civil e o franquismo, teñen colocado o foco, fundamentalmente, na eclosión de obras a partir do 2000, no contexto do *boom* memorialista a nivel estatal, nos trazos que caracterizan o desenvolvemento deste subxénero narrativo no s. XXI ou na súa dimensión extraliteraria e, en concreto, na súa relación co fenómeno social e político de recuperación da memoria histórica en Galiza e no conxunto do Estado (Vilavedra, 2015a; Rivadulla Costa, 2019, 2021). Porén, a produción anterior ao cambio de século só ten sido estudada de maneira lateral ou parcial, a través da atención a algunhas obras significativas ou canónicas (Thompson, 2009; López Silva, 2006; Vilavedra, 2010; Velasco, 2011), e a evolución deste repertorio temático no sistema literario galego dun punto de vista diacrónico só foi analizado con anterioridade desde a perspectiva xeracional (Vilavedra 2011).¹

Así as cousas, cremos preciso realizar unha incursión na produción narrativa galega anterior ao ano 2000 coa intención de revisar os antecedentes do tratamento do tema da guerra civil e o franquismo, o que constitúe o obxectivo principal deste artigo: historiar a novela galega da memoria desde a perspectiva dos textos ou, dito doutro modo, trazar o percurso da memoria novelada en Galiza a través da atención a unha serie de obras escritas e publicadas no período autonómico, que testemuñan a súa evolución e sentan as bases da nova novela da memoria que xorde no s. XXI (Rivadulla Costa, 2019). A partir dos repertorios bibliográficos existentes (Arén & Rodríguez, 2006; Bertrand de Muñoz, 1982; Fernández Santander, 1996), así como dun levantamento previo que tivo como fonte principal os *Informes de Literatura* publicados polo CRPIH, revisaremos aquí a produción novelística en galego sobre a sublevación fascista do 36, a ditadura, a represión franquista ou a resistencia antifranquista, ben como aquelas outras obras en que estes aspectos teñan un papel destacado na acción ou en relación cos personaxes. Non pretendemos ofrecer un catálogo exhaustivo que mellore ou substitúa os anteriormente mencionados, senón reivindicar certos títulos esquecidos e mostrar, dunha perspectiva historiográfica e a través do comentario dalgunhas das obras principais, cal foi o camiño seguido desde que esta temática entrara na narrativa galega até que colleu pulo para se converter nunha tendencia dominante capaz de conformar un subxénero con entidade propia, colocando o foco na elaboración literaria da memoria en cada un dos momentos. Debido ás limitacións de espazo do artigo, prescindiremos neste repaso tanto da narrativa breve, cuxo corpus merecería un estudo en profundidade aínda pendente, canto da produción infantil e xuvenil, á que se ten dedicado por extenso durante anos o grupo de investigación LITER21 da USC baixo a coordinación de Blanca-Ana Roig Rechou.

Os títulos recollidos a seguir proporcionan, do noso punto de vista, unha visión panorámica e, ao tempo, detallada, dos modelos e fórmulas adoptadas polo discurso literario –narrativo– galego no tratamento da guerra civil e o franquismo. Ao comentarmos, cronoloxicamente, cada un deles referirémonos a algún aspecto editorial cando sexa de interese, á dimensión formal, especialmente cando a obra aporta algunha novidade

1 Dolores Vilavedra radiografía a evolución da narrativa galega sobre a guerra civil e o franquismo desde esta perspectiva ao considerar que é a adscrición xeracional dos autores o que condiciona os principais cambios no tratamento do tema ao longo do tempo. A pesar de ser esta unha dimensión que cómpre ter presente na análise, especialmente á hora de diferenciar os autores-testemuña dos do resto de xeracións, do noso punto de vista non constitúe un criterio que marque límites fronteirizos nin que determine completamente os modos de ficcionalización, como mostra o corpus de novela da memoria do s. XXI que temos analizado en traballos previos, onde tratamos de relativizar a centralidade da perspectiva xeracional no estudo da narrativa memorialística (Rivadulla Costa, 2021).

neste eido e, sobre todo, ao contido. Dado que non é o noso cometido aquí analizar en profundidade esta produción, apoiámonos, cando for posíbel, nos comentarios que mereceron as novelas por parte da crítica, que ao tempo servirán para dar conta da súa recepción en relación coa recuperación da memoria histórica nunha etapa en que esta non era aínda unha cuestión de debate na esfera pública, nin moito menos constituía un repertorio temático principal da narrativa galega.

2.

Dos antecedentes e dos precursores

A guerra civil e as súas consecuencias teñen dado lugar aos máis variados testemuños novelados desde o mesmo ano 1936, cando se produce o golpe de Estado e a inmediata implantación do poder franquista en territorios como Galiza. No entanto, se ben no corpus da narrativa española a crítica adoita establecer unha clara diferenciación entre obras de autores afíns ao bando sublevado, maioritarias no trienio bélico e nos primeiros anos da posguerra, e aquelas dos leais á República, que verían a luz fundamentalmente no exilio, no caso galego a cuestión resulta bastante máis simple –ou complexa, segundo se mire–: aínda que nos primeiros anos da “longa noite de pedra” os que escriben en galego, significativamente, son os franquistas (Alonso Montero, 2006: 14), non hai novela sobre a guerra escrita en lingua galega desde a óptica dos sublevados, unha perspectiva que fica reducida, por un lado, ao ámbito da poesía –en poemas comprometidos coa causa franquista– e, por outro, ao da narrativa escrita en castelán por algúns escritores nados en Galiza como Francisco Camba, Fernández Flórez ou Torrente Ballester, que, tendo vivido a guerra en idade adulta, ofrecen testemuños do acontecido (Carballido, 2001). A censura, que dificultaría a publicación de obras que cuestionasen o relato oficial do réxime a respecto do “Alzamento”, así como a autocensura provocada “pola inhibición dos escritores a tratar un tema que tantas feridas deixara” (Vilavedra, 2010: 249) explican en boa medida o feito de as primeiras manifestacións da narrativa testemuñal desde a perspectiva dos vencidos, escrita xa en galego, tardaren bastante tempo en chegar e de termos que as procurar no exilio.

Foi, por tanto, da man daqueles que se viran obrigados a procurar a liberdade creativa –e a supervivencia– na diáspora, como o tema da guerra civil fixo as súas primeiras aparicións na narrativa escrita en galego, a través dun conxunto de obras que se sitúan a medio camiño entre a memoria novelada, a novela autobiográfica, o relato testemuñal e a crónica histórica: *Non agardei por ninguén* (1957, 2ª ed. 1976) e a posterior *Era tempo de apandar* (1980) de Ramón de Valenzuela, *O silencio redimido* (1976) de Silvio Santiago, *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979) de Antón Alonso Ríos, e *Terra coutada* (1990) de Antonio Fernández Pérez. A decisión de ocuparnos delas de maneira conxunta e só sinteticamente neste punto, en lugar de onde correspondería polo seu ano de publicación, responde a varias razóns: por unha parte, considerarmos que constitúen un grupo bastante homoxéneo dentro da produción memorialística galega que, aliás, xa ten sido analizado pola crítica de maneira específica (Noia, 2000; Lama, 2006) e como parte do corpus literario do exilio (Maceira, 1995); por outra, embora a maioría dos títulos –a excepción da 1ª ed. de *Non agardei por ninguén*, dada ao prelo en Bos Aires no 57– fosen publicados nos anos da Transición en Galiza, hoxe sabemos que case todos foron escritos na diáspora durante a época franquista, isto é, varios anos ou décadas antes de veren a luz.² Mentres que a escritura d’*O silencio redimido* tería discorrido entre 1959 e 1963, etapa tras a que Santiago tentou publicala sen éxito, como descubriu recentemente Álex Alonso (2017), Alonso Ríos xa

2 Embora Aníbal Otero non sexa un exiliado, seguindo este criterio, na revisión da novela de finais do s. XX prescindiremos tamén da autobiográfica *Esmoriz* (1994), cuxa publicación fora anunciada por Álvarez Blázquez en Edicións Castrelos no ano 79 e que, non obstante, comezaría a xestarse xa na estadía do lingüista na prisión de Tui en 1936 (Rodríguez Fer, 1994: 52).

comezara a escribir *O señor Afranio* no ano 71 a petición de Xosé María Álvarez Blázquez, tal como este último informa no prólogo do libro. E o desfase cronolóxico é aínda moito maior no caso de *Terra coutada*, publicada en 1990 mais escrita cando menos vinte e sete anos atrás, pois sabemos a censura denegou o permiso para a súa publicación no 63 (Alonso, 2017: 151) e, para alén diso, o prólogo que acompaña a primeira edición está asinado por Otero Pedrayo en 1968.

A pesar de se tratar dun corpus de autobiografías, que dan a coñecer ao lector, de maneira realista, experiencias vitais dos vencidos da guerra civil, o máis destacábel é, do noso punto de vista, a vontade de literaturización dos seus autores, pois permite establecer unha fronteira diferenciadora entre estes textos e outros testemuños autobiográficos da época, ben como considerar tales achegas as primeiras mostras de novela da memoria en lingua galega. A súa publicación a partir de 1975 non só supón a práctica aparición dun novo repertorio temático no noso sistema literario, senón que responde, como advertiu González-Millán (1996), a un cambio de paradigma no mundo editorial galego, marcado pola morte do ditador e polos efectos retroactivos da política represiva do franquismo, visíbeis na edición de manuscritos que levaban anos agardando un contexto sociopolítico que permitise a súa circulación. Aínda que non atopamos moitos máis títulos de ficción memorialística nestes primeiros anos do período transicional,³ estes efectos que poderíamos considerar sistémicos, provocados polos precursores da memoria novelada en Galiza, repercutirán sen dúbida na produción narrativa das dúas últimas décadas do século XX, como veremos no que segue.

3.

Guerra civil e franquismo na narrativa dos 80

Para alén da xa mencionada *Era tempo de apandar*, cuxa publicación inicia memorialisticamente a década, nos primeiros oitenta atopamos algunhas obras, as máis delas novelas de personaxe ou biográficas –moitas das cales poderían ser cualificadas novelas de formación– que, sen teren sido lidas como aportacións significativas ao corpus da narrativa da guerra civil e a ditadura, achegan en maior ou menor medida recreacións realistas dese pasado recente. Do noso punto de vista, resulta doado distinguir na produción destes anos, por un lado, aquelas ficcións que poderíamos denominar, seguindo a clásica terminoloxía de Bertrand de Muñoz (1982), de “guerra referida” ou “aludida” e, por outro, as narracións localizadas nos anos do franquismo que evocan aspectos da época, ben sexa de forma central ben meramente colateral. No primeiro grupo atopamos títulos como *Un ano e un día* (1980) de Xosé Manuel Martínez Oca, unha novela de iniciación en que o protagonista regresa á vila natal para recuperar a memoria infantil e xuvenil, conformando unha historia nostálgica da súa adolescencia marcada polo primeiro amor, na que aparece a guerra civil lembrada. Tamén aquí poderíamos situar *Fábula* (1980), entrega narrativa de Xavier Alcalá localizada na contemporaneidade do ano 1979 en torno a un suceso –o secuestro da revista nacionalista *Lume*– que leva aos personaxes a rememorar determinados acontecementos da guerra e as súas propias responsabilidades neles, mediante unha innovadora estrutura fragmentaria que constitúe “unha estratexia en busca dun novo discurso histórico” (González-Millán, 1996: 173). A través da recreación do ambiente das primeiras eleccións xerais en España tras a aprobación da Constitución e da relación establecida entre os actores políticos e sociais que protagonizaran aqueles comicios co

3 Para alén dalgúns outros exemplos na narrativa breve, a única novela sobre o pasado recente da que temos constancia nestes anos previos a 1980 é *Come e bebe que o barco é do amo*, obra que Alfredo Conde tiraba do prelo en 1978 –e reeditaría no 95 como *O barco*– e na que ofrece un retrato socio-político da Galiza dos anos corenta.

pasado recente de 1936 e cun episodio de represión que a Alcalá lle contaran, a obra eríxese en precedente literario da recuperación da memoria histórica, emitindo un discurso crítico de plena actualidade que reflexiona sobre a Transición, a xestión do pasado traumático colectivo, as súas herdanzas e as súas consecuencias.⁴

Nesta mesma liña das anteriores poderíamos citar *A ceo aberto*, novela de Xosé Fernández Ferreiro saída do prelo no 81 que constitúe, para González-Millán (1996: 198), máis unha achega á xa consolidada tradición narrativa da novela da emigración, que “ten moito de rememoración dun pasado máis ou menos idealizado”, neste caso o dun emigrante galego en Madrid, *álter ego* do autor, que recrea a memoria da infancia nunha aldea galega na que, como anuncia a contracapa da obra, destacan especialmente os capítulos onde se reflicte o drama da guerra. Máis próxima á narrativa da memoria está *A chazca* (1982) de Francisco Vázquez, unha novela curta de ton testemuñal cuxo tema principal é a confrontación social derivada da guerra civil, que se converte en constante referencia temporal ao longo da obra. Xa en 1983 atopamos dúas obras de fortuna desigual mais que poderían ser etiquetadas ambas, do noso punto de vista, como “novelas da memoria”: *Desfeita* de Camilo Gonsar e *Lembranzas dun home* de Xosé Manuel del Caño. Na primeira –subtitulada “Semirreportaxe” e vencedora do Premio da Crítica no 84–, un personaxe trata de investigar un episodio da guerra civil acontecido na súa vila. O silencio interesado sobre os sucesos do 36 das testemuñas que entrevista conformará o principal obstáculo para o narrador-investigador, que fan que a súa pretendida “reportaxe” fiquen na metade, tal como se explica no prólogo á segunda edición, en referencia ao ambiguo subtítulo da obra. É Gonsar, por tanto, un dos primeiros narradores en colocar o foco nas súas ficcións nas dificultades para acceder ao pasado conflictivo a causa da amnesia colectiva que caracteriza a sociedade galega e, aliás, faíno a través dunha técnica narrativa que se converterá en recorrente na nova novela da memoria producida a partir do 2000: unha trama de investigación encabezada por un personaxe que non viviu os acontecementos e que pretende recuperar o pasado e, por extensión, a memoria histórica. *Lembranzas dun home*, pola súa parte, constitúe unha alegación contra os que fan as guerras, unha novela que bascula entre o documental e o ficcional, tratándose para Thompson (2009: 123) da primeira na que se reflicten aspectos propios da docuficción ao reproducir documentos da época da guerra, como a ficha de prisión de Carlos Alonso, o protagonista cuxa vida se encargan de narrar as varias voces presentes no relato. No 84 publica Manuel Riveiro Loureiro *A moa. Novela maniquea*, unha obra ambientada no mundo rural da posguerra onde un narrador omnisciente reconstrúe a vida do protagonista, fortemente marcada pola emigración, a represión lingüística e a educación relixiosa, mais tamén polas desgracias sufridas pola súa familia a causa do golpe de Estado do 36 e da consecuente persecución política que acabará coa morte de parte dos seus membros.

No que se refire ao segundo grupo, entre as obras ambientadas en diferentes momentos da ditadura franquista cómpre mencionarmos *Memorias do díaño* (1980) de Fermín Bouza Álvarez, relato sobre a intrahistoria do 68 en Compostela no que a política non ocupa un lugar destacado; *A fuxida* (1980), novo título de Martínez Oca en que se mesturan a militancia antifranquista dos 70 cos sentimentos amorosos do protagonista, quen se confesa desde a cadea, onde rememora a súa frustrada “fuxida” cara á liberdade; *A nosa cinza* (1980) de Xavier Alcalá, unha novela de formación protagonizada por un fillo da burguesía urbana na Galiza dos anos cincuenta, que narra a súa evolución desde a infancia até a entrada na universidade, constituíndo a obra a crónica dunha xeración formada na educación represiva e relixiosa do franquismo; *Brétemas* (1981), onde Ismael García Méndez relata a traxectoria vital de Alberte, marcada tamén pola súa formación nun colexio de

4 Da vixencia da súa mensaxe dá mostra o feito de terse publicado a versión en castelán da obra no ano 2011, máis de trinta anos após a súa escritura, 6 edicións e 45.000 exemplares vendidos.

relixiosos, e na que, de maneira similar á obra de Alcalá, a presentación da abafante atmosfera de normatividade católica constitúe o fío condutor dunha historia que podería ser a de moitos rapaces galegos da época (González-Millán 1996: 216); *As horas de cartón* (1985), novela de Lois Xosé Pereira merecedora Premio Xerais e baseada na historia dunha muller que fai repaso da súa traxectoria vital nos días de novembro do 75 que viran agonizar o ditador Francisco Franco; *A fraga dos paxaros salvaxes* (1985) de Fernández Ferreiro, unha obra da que Thompson (2009: 40) salienta a crise de historicidade e memoria no seu protagonista, un fillo da guerra civil que padece os efectos psicolóxicos do pasado traumático; e, finalmente, *A canción do vagamundo* (1986), onde Lois Diéguez reconstrúe a historia dunha familia luguesa ao longo de case oitenta anos, habendo na narración espazo para sucesos secundarios que, embora non afecten directamente aos protagonistas da saga, retratan a época en que esta se desenvolve: desde os “paseos” dos anos da guerra ás folgas e a represión policial contemporáneas, pasando incluso polo episodio da chegada dos restos de Castelao a Santiago.⁵

Avanzando no tempo, será no último terzo da década cando se produzan importantes e novidosas achegas ao corpus da memoria novelada en Galiza, mostra de que o interese polo tema vai en aumento. 1987 é un ano realmente frutífero pola aparición de varios títulos baseados na realidade histórica e hoxe considerados canónicos, o que supón, de acordo con Vilavedra (2011: 69), un primeiro punto de inflexión, que terá continuidade coas novelas publicadas nos tres anos sucesivos. É Carlos Casares, n’*Os mortos daquel verán*, o primeiro en se distanciar do memorialismo practicado polos predecesores, consecuencia en parte de ser tamén o primeiro autor que escribe sobre a guerra sen tela vivida (Vilavedra, 2010: 243). Cada un dos dez capítulos que compoñen a novela corresponde a un informe que recolle a declaración xudicial de cada un dos personaxes relacionados coa morte do boticario Ernesto Vilariño nos primeiros días da guerra. A historia, que mestura ficción con elementos da realidade histórica, xira arredor da contradición entre a versión oficial do sucedido, que fala dun accidente mortal, e os rumores de asasinato por razóns políticas espallados por Abelardo Pampín, a causa dos cales –entre outros motivos– este personaxe se atopa en prisión provisional. Se ben é a través da voz do funcionario encargado da investigación como chega a narración ao lector, a novela caracterízase por un innovador multiperspectivismo ocasionado polas entrevistas realizadas aos diferentes personaxes e esta complexidade enunciativa pon en evidencia o imposible de todo afán de obxectividade, mostrando de maneira explícita a condición heteroxénea, subxectiva e incluso contraditoria da memoria (Vilavedra, 2011: 69). A través dos diversos puntos de vista destes vanse reconstruíndo parcialmente os feitos que precederan á morte do boticario, ocupando un lugar importante a recreación do ambiente de confronto político e social prebélico, a través dos enfrontamentos entre o patrón dunha fábrica, os traballadores e membros do sindicato local ou os representantes da Igrexa.

Neste sentido, para Velasco (2008: 15), a obra aborda de modo frontal “a responsabilidade das elites dominantes galegas na masacre de cidadáns conotados polo seu activismo político-sindical republicano, bem como a intensidade da luta de clases registada nos meses logo a seguir do trunfo eleitoral da Frente Popular”.

No mesmo ano, Ricardo Carvalho Calero tira do prelo outra importante contribución á recuperación da memoria histórica galega: *Scórpido*. Trátase dunha novela autobiográfica de carácter realista –non falta de carga simbólica– sobre a vida de Rafael Martínez, alcumado Scórpido, desde que nace en 1910 na cidade de Ferrol até a súa morte en 1938, durante os bombardeos fascistas á Barcelona da guerra civil, pasando pola súa época de estudante en Compostela, primeiro, e Salamanca, despois, pola súa estadía no Madrid da República e o golpe

5 Deixamos fóra desta relación, polos motivos aludidos no apartado anterior, *Tiroiro a sete voces* (1984), unha novela traxicómica de Xosé Fariña Jamardo que recrea a sociedade galega de posguerra e que, segundo consta no catálogo web de Galaxia, foi escrita nos anos cincuenta.

de Estado ou pola formación militar na Valencia republicana e a loita na fronte. Así pois, a narración destaca por constituír, para alén dunha novela de personaxe sobre a formación intelectual e as historias amorosas, especialmente na segunda parte, un relato xeracional e unha crónica histórica da época da República e a guerra –é sen dúbida a novela máis “bélica” das publicadas a partir de 1980, pois narra con detalle episodios da batalla como os referidos á defensa de Madrid–, que o autor coñeceu de primeira man: Carvalho foi combatente no bando republicano, detido e condenado a doce anos en consello de guerra, aínda que logo lle foi conmutada a pena. Non obstante, o escritor opta por prescindir do memorialismo explícito en beneficio da experimentación, resultando unha elaborada fórmula fragmentaria, polifónica e metaficcional que supón, para Vilavedra (2011: 70), “la renuncia de su generación a imponer [...] su propia versión del pasado”, o que converte *Scórpio* nunha obra pioneira. A narración corre a cargo dun conxunto de personaxes e é través dos seus pensamentos como coñecemos tanto os acontecementos históricos como a personalidade e a vida de Rafael, sen este tomar nunca a palabra, ao que se engade o feito innovador de un deles, Salgueiro, desenvolver nalgúns partes un innovador discurso metaliterario en que reflexiona sobre diversos aspectos da novela que está a escribir e que podería ser a que o lector ten entre as mans.

Manuel Guede e Francisco X. Fernández Naval son os primeiros autores da chamada xeración dos netos en se achegaren ao tema da guerra. O primeiro faino en *Vísperas de Claudia*, finalista do Premio Xerais en 1987. A dimensión experimental da novela é consecuencia da aposta pola parodia dos modos literarios do expresionismo tremendista, tal e como anuncia o texto da contracapa, así como polo tratamento dos sucesos acaecidos en xullo do 36 na cidade de Serenou en clave de traxedia grotesca. O ton sarcástico persegue a narración –que se inicia coa referencia da celebración dun rosario pola alma de Calvo Sotelo tras ser este asasinado– da violencia e das cruentas mortes que seguiron ao levantamento fascista, protagonizada polo escolta persoal dun xefe local da Falanxe. Pola súa parte, Fernández Naval gañaba o Premio Xerais no 88 c’*O bosque das antas*, máis un aval para a narrativa da memoria que se tornará determinante na eclosión do subxénero a partir do 2000 (Rivadulla Costa, 2021: 194). Cómpre destacar na obra a novidade da condición foránea do protagonista –un italiano afincado en Ourense tras un periplo por Europa, onde vive a República, a represión provocada polo trunfo do golpe de Estado ou o combate dos fuxidos no monte–, que lle permite ao autor manter unha certa distancia reflexiva, aínda que non neutral, sobre os acontecementos narrados (Quintela 1989: 125). Segundo ten comentado publicamente o propio autor, o relato baséase na biografía do seu propio avó Claudio Naval, na participación deste na República e na súa trágica morte na guerra, o que se explicita a través da fotografía incluída no capítulo 3. Anxo Quintela (1989: 125) acertou ao colocar o foco no propósito da obra de rescatar “unha historia obrigatoriamente esquecida, silenciada”, desempeñando un necesario labor “tanto para a comprensión dun fenómeno singular aínda non suficientemente estudado como para liberar as fantasmas agachadas na memoria colectiva por tantos anos de medo e mesquindade”.

No ano seguinte sae do prelo *Golfaróns de sangue*, onde Xosé Fariña Jamardo narra a trágica historia da familia Xestoso a consecuencia dos sucesos de 1936. A base histórica e autobiográfica é advertida xa no propio prólogo da obra, onde Varela Jácome (1989: 8) sinala que para reconstruír os eventos “alumeantes” do tempo da guerra civil –“o remuíño das represións, os aldraxes, a inseguridade da cadea, o trémoro dos paseos nocturnos”–, o autor se tería baseado “nas súas cruceles experiencias e en achádegos documentais”, logrando unha novela “conscientemente comprometida” e valente, “que representa unha mesta e verdadeira realidade, sin suterfuxios figurativos”. Atopamos novidosa a estratexia narrativa, baseada en colocar como protagonista o fillo dos Xeitoso, que personifica a desgraza familiar sendo só unha vítima colateral do franquismo –as vítimas directas son o pai paseado, a irmá exiliada e prostituída ou o irmán fusilado na guerrilla–, encargándose de

rememorar os sucesos do pasado desde un plano temporal posterior, correspondente co momento da morte da proxenitora –feito desencadeante–, e, ao tempo, erixíndose en portador da traumática memoria familiar. Ademais, novidosa é a caracterización do pai, sobre a que Thompson (2009: 176) comenta que, a diferenza da maioría das vítimas republicanas das novelas da memoria, das que se destaca a súa bondade, o patriarca de *Golfaróns de sangue* é un tirano cuxo único atributo positivo é o de non ser franquista, e, no entanto, a súa morte eríxeo nun mártir.

Habería que mencionar, finalmente, un par de novelas publicadas nestes últimos anos da década dos 80 nas que a presenza da guerra e a ditadura franquista, sen ser nuclear, vai máis alá do marco ambiental: *Saraverde* (1987) de Xesús Rábade Paredes e *Peito de vimbio* (1988) de Alfonso Álvarez Cáccamo. A primeira é unha novela de tendencia realista e técnica epistolar en que Rabel Fontes, recrutado nun campamento militar franquista, se dirixe á súa amada ausente –Saraverde–, a través dun longo monólogo en que rememora a súa historia e conta as súas vivencias a modo de diario. Os recordos da guerra civil e da represión posterior ou da educación na escola franquista mestúranse coa descrición do maltrato sufrido a mans dos militares franquistas no centro de instrución, ocupando unha parte importante da trama. A novela de Álvarez Cáccamo, pola súa parte, conta historia de Tití, unha muller transexual no duro mundo do Vigo da posguerra e do desenvolvimentismo económico. A través da parella sentimental da protagonista coñecemos o relato da infancia e madurez desta, marcado pola opresión social do franquismo e as relacións que establece desde a súa posición marxinal na sociedade. En concreto, destaca a lembranza de sucesos traumáticos como o recrutamento para realizar o servizo militar obrigatorio, que Tití tenta evitar pagando a un cura para que interceda por ela, para o que se ve obrigada a exercer a prostitución.

4.

Guerra civil e franquismo na narrativa dos 90

A última década do século XX iníciase cun novo fito na historia da narrativa memorialística galega: a concesión do Premio Xerais 1991 a *Agosto do 36* de Xosé Fernández Ferreiro, en cuxa valoración o xurado tivo en conta, ademais dos méritos literarios, a súa contribución á recuperación da memoria histórica (Vilavedra 2010: 245). A novela recrea de maneira realista a cruel represión acometida polo fascismo a través da crónica dun “pa-seo” a Sara –como estratexia para capturar o seu home Gregorio, que se atopaba fuxido–, levado a cabo por catro falanxistas nos primeiros días da guerra, liderados por Manuel “O Garabís”, que procura unha sorte de vinganza persoal contra o seu vello inimigo. Tomando como base un feito real que formaba parte das súas lembranzas infantís, o autor constrúe unha ficción polifónica que mestura elementos do *western*, sen caer por isto na frivolidade do tema (Thompson, 2009: 42), coa técnica periodística e coloca o foco na violencia, que envolve toda a acción. Non é unha novela sobre a guerra en si, senón sobre a represión fascista que se cebou con Galiza, e especificamente con certos sectores como o dos mestres republicanos, tras o trunfo da sublevación militar, e, en menor medida, sobre os fuxidos, con alusións á existencia dunha loita guerrilleira. De acordo con isto, é indubidábel que a novela marca un fito na evolución da novela da memoria en Galiza, tanto pola enorme repercusión e boa recepción que tivo –e segue a ter na actualidade, cando levan saído do prelo quince edicións–, como por apuntar xa os temas sobre os que o xénero vai tratar ao longo da súa eclosión na década seguinte: a represión fascista e a resistencia antifranquista durante a ditadura. Outra achega valiosa de *Agosto do 36* á recuperación da memoria histórica son, de acordo con Velasco (2008: 16–17), os perfís trazados a propósito dos personaxes que encarnan tipos sociais e que son perfectamente recoñecíbeis para calquera que tivese vivido aqueles acontecementos e están hoxe fixados pola investigación historiográfica: o falanxista, o republicano, o emigrante retornado, o cura malvado e vingativo ou o colaboracionista cos criminais.

Máis unha obra que cómpre comentarmos é *O cego de Pumardedón* (1992), que ben pode ser considerada unha biografía xeracional dos galeguistas que, como Fernández del Riego, viviron a guerra (Noia, 1993: 131). Trátase dunha nova narración autobiográfica, de quen viviu en primeira persoa o conflito bélico – neste caso loitando no bando franquista– e que, no entanto, opta pola ficcionalización para presentar “as misérias, as feblezas e a dignidade de toda unha xeración que foi fusilada, masacrada, asasinada, eivada” a través da narración dunha vivencia individual que representa “unha experiencia vivida por todo un povo”, converténdoa deste xeito en “memoria colectiva”, como sinalou no seu momento González Gómez. A novela está protagonizada por Mauro, un home fortemente marcado pola experiencia da guerra, tanto desde o punto de vista físico –perdera a vista a causa dunha granada– canto psicolóxico: fundido no desánimo, recorda a súa loita na fronte e arrepíntese de non ter pasado ás filas republicanas como fixera algún dos seus compañeiros. A través dunha voz en terceira persoa temos acceso aos pensamentos e reflexións do personaxe sobre os acontecementos da guerra, que ocupan a maior parte da acción, mentres que o plano presente desde o que este reflexiona –localizado na posguerra no lugar de Pumardedón– apenas ten relevancia na trama narrativa. Para Noia (1993: 131), “a figura do cego é metafórica da perda de valores en que quedou a sociedade e a cegueira na que os protagonistas daquela triste historia da loita civil se viron obrigados a vivir despois do alborear galeguista dos últimos anos da República”.

No mesmo ano publicaba María Xosé Queizán *Amor de tango*, unha novela que é, con toda seguridade e até o momento da súa publicación, “a máis feminista de todas as que tratan da República e do trauma causado polo fascismo” (Thompson, 2009: 190). Embora a acción principal se localice no Vigo da Transición, o filme *O último tango en París* é o motivo que fai que a protagonista –Margot– comece a recordar e trasladarnos as súas lembranzas sobre os tempos da República, a guerra civil e a inmediata posguerra na mesma cidade, dividindo a estrutura intradieética en dous planos temporais que se manterán até o final da obra. Aínda que as cuestións ideolóxicas e políticas non ocupan unha posición central na historia, reconstrución dunha xenealoxía feminina, si se reflicten na caracterización de Margot e na relación amorosa que esta mantén con Chinto, a cal pode ser entendida, segundo Thompson (2009: 160-161), como “metáfora da República, que foi tamén de curta duración e terminou en traxedia”, de acordo coa unión do persoal e do colectivo –e do individual co político– que a novela representa. Queizán convértese así, xunto con algunhas autoras de literatura infanto-xuvenil como Marina Mayoral ou Concha Blanco, en pioneira no tratamento do tema, abrindo camiño para a eclosión da autoría feminina na narrativa da memoria que se producirá a partir do 2000.

Sen ningunha achega significativa á ficción memorialística en 1993 para alén d’*Os leopardos da lúa* de Ramiro Fonte, novela sobre os axitados anos da Transición no ámbito universitario compostelán, en 1994 ve a luz un novo título do autor eumés que pasou completamente desapercibido para a crítica: *Soños eternos*, unha noveliña breve publicada por Nigra na súa colección “Relatos dunha hora”. Neste caso, a novidade reside no feito de o narrador ser un representante da xeración dos netos –quen encabezarán a recuperación da memoria histórica na década seguinte– que se sitúa na contemporaneidade dos anos oitenta para nos trasladar desde aí a memoria familiar da guerra, que, como el mesmo declara, coñece polos contos da súa avoa e da súa nai, para alén de por unhas cuartillas manuscritas que vira de neno. O elemento que desencadea a rememoración é a fotografía dun capitán fusilado na guerra que o narrador-protagonista ve na casa da súa amante, o que fai que comece a relatar a historia do seu tío Urbano Mariño: formado no Madrid da República, ten que alistarse por obriga no exército franquista e loitar na fronte de Asturias, colaborando logo coa Alemaña de Hitler no Vigo da posguerra, e acaba fuxindo cara a Montevideo. Embora sexa máis breve, interesante é tamén a recuperación da memoria do avó Francisco, un falanxista desencantado pola viraxe represiva dos feitos, nos

que se vira obrigado a colaborar transportando o corpo do capitán republicano que aparece na fotografía, causándolle un trauma de por vida. Tanto pola estratexia narrativa empregada –que será un modelo predominante na nova novela memorialística do século XXI– como polo feito de rescatar a memoria daqueles que non tiveron implicación persoal no conflito e que, non obstante, se viron arrastrados por el, coidamos que este relato de Fonte merece ser rescatado do esquecemento coa intención de destacar o seu carácter precursor.

Avanzando no tempo, tras o éxito da primeira achega de Manuel Rivas á memoria histórica nos relatos de *Que me queres, amor?* (1995) –especialmente en “A lingua das bolboretas”, que sería editado de maneira autónoma no ano 2005 e contaría con versións teatrais e cinematográfica–, atopamos máis algúns títulos que merecen ser mencionados por recrearen algunha etapa do franquismo ou por aparecer neles a xa comentada “guerra civil aludida” a través de personaxes que rememoran a súa vida: *O paxaro que canta un nome* de Xavier Lorenzo Tomé, Premio Blanco Amor 1996, onde un protagonista adulto recorda a súa infancia nun balneario nun exercicio de memoria con algunhas referencias á guerra; *A era de acuario*, novela de iniciación sentimental publicada por Xosé Ramón Pena no ano seguinte, na que un narrador adulto a comezos dos setenta volve a vista atrás para recuperar os episodios que marcaron a súa adolescencia; *Amigos sempre* (1998) de Alfonso Eiré, narración –de base documental– das duras vivencias dun neno nun seminario lucense dos anos sesenta, que coloca novamente o foco na educación represiva baseada nos valores do nacional-catolicismo do réxime franquista como tema principal; e, para rematarmos, *Doutor Deus* (1999), onde Xavier López López tamén recrea o ambiente represivo do franquismo a través da historia dun escritor portugués instalado nunha vila galega dos cincuenta.

Para alén das anteriores, abrindo a segunda metade da década, publícanse en 1996 dúas novelas merecedoras de comentario pola súa aportación á ficcionalización da guerra e a ditadura: *Don Gabino* de Antonio Fernández Pérez e *Deus sentado nun sillón azul* de Carlos Casares. Na primeira, o autor de *Terra coutada* regresa ao modelo de crónica autobiográfica para relatar a historia dun mestre republicano que se refuxia en Portugal no inicio da guerra até que regresa a España aínda non rematado o conflito. A narración localízase no presente e corre a cargo dun amigo seu, quen asiste á entrega dun premio literario concedido ao protagonista, cuxa memoria presenta, como corresponde, moitos elementos coincidentes coa traxectoria vital de Fernández Pérez. Se ben non achega grandes novidades do punto de vista compositivo, trátase dunha das últimas novelas publicadas polos autores-testemuña baseándose nas vivencias propias do 36 e, en relación con isto, segundo as palabras do propio autor, a obra pretende “tributar unha merecida lembranza aos seus zarandeados protagonistas, ao mesmo tempo que proxectar un relampo de luz na conciencia de todos aqueles que fixeron da contenda fraticida unha orxía macabra”, tal como recolle a ficha da obra no catálogo de Galaxia.

No que se refire a *Deus sentado nun sillón azul*, existe certa unanimidade en que se trata da novela que representa o cume da traxectoria de Casares como narrador. Galardoada co Premio da Crítica Española do 97, destaca pola súa recreación realista do pasado recente da guerra e da posguerra en Galiza, ben como pola súa complexidade técnica e calidade estilística. Do punto de vista temático, para Hernández (1996: 236), a obra establece certa continuidade coas anteriores do autor, no tratamento de aspectos como “a intolerancia, o fanatismo e a radicalización ideolóxica como causas da violencia fraticida, o exercicio autoritario do poder, a influencia da Igrexa e a educación relixiosa na vida social e persoal” ou “a dialéctica entre os pacíficos e os violentos”. A crónica histórica mestúrase coa historia amorosa e a novela filosófica e ideolóxica a través dunha voz narradora en terceira persoa cuxa perspectiva é a dunha muller que, no presente do discurso, observa a través dunha ventá, ao tempo que reflexiona e lembra –a través de *flashbacks*– a traxectoria vital do home que ve sentado na casa de enfronte. A respecto do que aquí máis nos interesa, a obra destaca polo complexo retrato histórico, político e social que compón da época, no que están presentes os “fuxidos, guerrilleiros e maquis, as actividades clandestinas e os movementos das forzas de resistencia ó franquismo, no seu dunha

sociedade polarizada e en plena convulsión política a pesar do clima de paz imposta” (Vilavedra 2000: 134). A presenza na diéxese deses sucesos da guerra “que seguramente Casares viviu e escoitou na súa infancia [...] que dalgún xeito pertencen á memoria colectiva dun tempo e dun país” é o que leva a Hernández (1996: 239) a cualificar a obra como unha “narrativa da memoria”. No entanto, é Álex Alonso quen, nun traballo recente que pretende situar a novela no contexto do debate contemporáneo sobre a memoria, vai un paso máis aló ao lle outorgar o valor de precursora, sinalando que o *Deus*

anticipa as narrativas da memoria que no espazo público español haberían de ser a idea forza dominante nas producións artísticas e no debate político: o axustizamento daquel vello intelectual ourensán abría paradoxalmente a posibilidade do xuízo dunha xeración e a impugnación do relato normativo, tanto do final do franquismo e dos primeiros anos da transición como dos anos 40, o tempo do silencio (Alonso Nogueira, 2017: 121).

Un par de anos despois, ante a grande expectación provocada polo enorme éxito de público e crítica que Rivas colleitara con *Que me queres, amor?*, vía a luz *O lapis do carpinteiro*, unha novela da memoria que o tiña todo para se converter nun *best seller* galego e repetir o fenómeno anterior, e que, con efecto, non defraudou. Aínda que non afondaremos na súa análise debido á falta de espazo e, aliás, á inmensa atención crítica que a obra –e, en xeral, a narrativa rivasiana– ten recibido tanto desde os estudos galegos como desde o exterior, concordamos con Vilavedra (2015a, 2015b), a quen remitimos para un estudo en maior profundidade, en que *O lapis* constitúe un punto de inflexión na ficcionalización da guerra e o franquismo en Galiza e na difusión pública desa memoria, establecendo unha especie de ponte entre as obras publicadas antes do cambio de século que aquí se teñen mencionado e a nova novela memorialística producida a partir do ano 2000. A estratexia narrativa ideada por Rivas combinando dous planos temporais, a hibridación de realidade e ficción a través dunha historia de amor ambientada na guerra e inmediata posguerra ou a contribución da obra á recuperación da memoria histórica galega mediante unha homenaxe a personaxes rescatados do esquecemento son acertos que a crítica ten sinalado de maneira reiterada e que converteron a novela en precursora no ámbito galego e estatal, outorgándolle un lugar central no canon da historia da memoria novelada.

En 1999, ás portas do *boom* de memoria, saíu do prelo *Pensa nao*, a primeira incursión de Anxo Angueira no eido da narrativa longa, que resultou merecedora do Premio Xerais de Novela dese ano. A acción sitúase na Segunda República, concretamente nos meses previos ao golpe do 36, e nos días que seguiron ao levantamento, na aldea de Sernaselle, cuxos veciños se converten en protagonistas dunha acción coral. A través dun narrador omnisciente en terceira persoa, que se complementa coas cartas que unha nai lle escribe ao seu fillo emigrado –nas que pasa de pedirlle que regrese a rogarlle que non o faga, ante a chegada do fascismo–, o lector convértese en testemuña da modernización do mundo labrego e do progreso traído polo novo tempo político nun contexto idílico que logo se ve truncado pola sublevación militar e a consecuente represión. A dimensión plural e coral da trama é, sen dúbida, un dos seus principais valores, e o que a diferencia da maioría de achegas á narrativa memorialística publicadas até o momento. Para Enríquez (1999: 230) “*Pensa nao* non é unha crónica, a simple recreación histórico literaria de episodios reais”, pois máis que a apropiación literaria deses acontecementos, ao autor “interésalle mostrar un peculiar modo de vida e unhas actitudes. Dar conta da chegada do pavor e de cómo os suxeitos e as comunidades o viven, (des)viven ou deben aprender a contornalo”. Thompson (2009: 164–67) sinala, coidamos que con acerto, que a novela de Angueira “logra a comunión entre o pasado e o presente” ao promover unha “comunidade imaxinada” que reivindica a Galiza (rural) republicana como modelo a seguir no presente e no futuro.

Nese mesmo ano vía a luz unha nova novela de Méndez Ferrín, vencedora do II Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa. Intitulada *No ventre do silencio*, a obra constitúe un retrato social e ideolóxico da Compostela dos anos cincuenta, no que destaca a presenza de personaxes e acontecementos históricos. Embora a maior parte da crítica a adscribise ao xénero do relato de iniciación, para Martínez Bouzas (1999: 21) trátase, sobre todo, dunha novela de cidade e de recuperación da memoria dunha época e dunha xeración que confluíron nese espazo. O autor recorre ás súas propias vivencias para construír non só unha autobiografía xeracional, senón tamén unha obra en que, como é habitual na súa escrita, mestura a recreación realista cun forte simbolismo, dialoga coa tradición literaria e incorpora a reflexión filosófica a través dos seus personaxes, dos que chama a atención o alto grao de referencialidade en relación coa realidade (Bermúdez Montes 1999: 226). A través da ollada dunha das protagonistas do movemento estudantil de mediados de século, que lembra –corenta anos despois– desde un sanatorio, a novela reconstrúe a acción colectiva dos estudantes que se moven nun galeguismo clandestino e o clima de falta de liberdade e a opresión do nacional-catolicismo franquista, o fanatismo ou a violencia de mans do poder militar e do clero. Así, para Bermúdez (1999: 223), o relato “afínase na sociedade galega de posguerra, como exercicio de recuperación da memoria colectiva e homenaxe a aqueles que a pesar da mordaza ousaron berrar na escuridade da “longa noite de pedra””.

A última novela da memoria publicada no 99 e, por tanto, a derradeira deste estudo é *Hóspedes do medo*, de Anxo Franco. A pesar de resultar finalista do Premio Blanco Amor 1997 e de lograr un accésit no X Premio Manuel García Barros, a obra, publicada finalmente por Edicións Embora, pasou completamente desapercibida, tamén para a crítica especializada. A súa carta de presentación era clara: como se indica na contracapa, trátase dun “dobre exercicio literario de recuperación da memoria a través dos fíos entrecruzados do narrador e dos personaxes”, para o que o autor propón unha estrutura de catro partes, temporalmente localizadas en 1923, entre 1933 e 1936, de xullo do 36 ao ano 39 e en 1947, respectivamente. Segundo o propio Franco adianta baixo a epígrafe inicial, a obra constitúe unha reconstrución literaria dos diarios dun músico ferrolán chamado Emilio, que un amigo lle descubriera alá polo ano 1980. A esta particularidade engádese a da inclusión no final do libro dunha entrevista ao propio Emilio, onde o autor lle pregunta por unha serie de cuestións referentes aos diarios, quere dicir, á historia que o lector vén de rematar, mais o protagonista non aclara nela nada relativo á trama, senón que mostra o seu escepticismo a respecto do rescate daqueles feitos e da publicación da obra. Con todo, unha das achegas innovadoras do libro é que este elemento paratextual pon énfase no desfase xeracional entre autor e protagonista, que determina a posición de ambos ante a recuperación da memoria histórica, anticipando no ámbito literario un debate emerxente na sociedade do momento. Para alén diso, *Hóspedes do medo* destaca polo minucioso retrato socio-político do Ferrol da Segunda República, a guerra e a posguerra, coa consecuente recuperación de sucesos e personaxes destacados na historia da cidade –entre os que destaca Xaime Quintanilla–, raramente ficcionalizada na novela memorialística.

5.

Epílogo

A revisión presentada, se ben breve, deu para ver que, a pesar da súa aparición tardía e embora non sexa un repertorio temático predominante na literatura galega do último terzo do século XX, o tratamento ficcional da guerra civil e o franquismo na novela dos anos 80 e 90 non é anecdótico nin se limita a uns poucos títulos de autores canónicos que acostumamos asociar coa memoria histórica. Pola contra, o asunto aparece de ma-

neira recorrente desde comezos dos 80, con frecuencia vinculado a novelas de formación ou biográficas, nas cales a vivencia da guerra ocupa un lugar destacado. En relación con isto, cómpre resaltar que na nómina de escritores referidos ao longo do estudo conviven nomes pertencentes a diferentes xeracións e, no entanto, a presenza das mulleres é completamente anecdótica –coa honrosa excepción da produción memorialística infantil e xuvenil desatendida no artigo, á que contribúen nestes anos autoras como Concha Blanco, Marina Mayoral ou Margot Chamorro–, algo que mudará de maneira significativa desde a entrada no século XXI. Do mesmo xeito, ao longo das últimas dúas décadas do milenio pasado asistimos á aparición de títulos que paulatinamente achegan innovacións formais e temáticas –que requirirían unha análise con maior fondura, pendente de ser desenvolvida en futuras aproximacións a este corpus– e que adiantan os trazos principais da nova novela galega da memoria que xurdirá a partir do 2000 para se erixir en subxénero narrativo con entidade propia. A partir deses precedentes, estas páxinas permiten completar, e ese era o seu obxectivo, máis unha parte esencial da historia da memoria novelada.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (2006). *Os escritores galegos ante a guerra civil española. 1936-1939. Textos e actitudes*. Vigo: Galaxia.
- Alonso Nogueira, Álex (2017). "Os silencios de *O silencio redimido*", *Abriu*, 6, 135-159.
- Alonso Nogueira, Álex (2017). "O Deus de Carlos Casares e a ficción no tempo da memoria", *Boletín da Real Academia Galega*, 378, 117-144.
- Arén, Román & Rodríguez, Pastor (2006). *Un río de sangue e tinta. A Guerra Civil española e o franquismo na narrativa dos galegos*. Boiro: A. C. Barbantia.
- Bermúdez Montes, María Teresa (1999). "Xosé Luís Méndez Ferrín. No ventre do silencio", *Anuario de estudos literarios galegos 1999*, 223-228.
- Bertrand de Muñoz, Maryse (1982). *La guerra civil española en la novela (2 tomos). Bibliografía comentada*. Madrid: José Porrúa Turanzas.
- Carballido Reboredo, Silvia (2001). *Novela en pé de guerra. A guerra civil vista polos novelistas galegos en castelán*. Sada: Ediciós do Castro.
- Enríquez, Xosé Manuel (1999). "Anxo Angueira. *Pensa Nao*", *Anuario de estudos literarios galegos*, 229-232.
- Fernández Santander, Carlos (1996). *Bibliografía de la novela de la Guerra Civil y el franquismo*. Sada: Ediciós do Castro.
- González-Millán, Xoán (1996). *A narrativa galega actual (1975-1984): unha historia social*. Vigo: Xerais.
- Hernández, Pedro (1996). "Carlos Casares: *Deus sentado nun sillón azul*", *Anuario de estudos literarios galegos 1996*, 236-240.
- Lama López, María Xesús (2006). "A Guerra Civil española na obra dos escritores exiliados galegos", *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2006*, 38-53.
- López Silva, Inma (2006). "A Guerra Civil: mundo posible e memoria histórica na narrativa actual". En Alonso Montero, Xesús, & Villar, Miro (coords.), *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)*, 107-122. Vigo: Xerais.
- Maceira Fernández, Xosé Manuel (1995). *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Martínez Bouzas, Francisco (1999). "Fabricando a cidade da morte e do silencio", *Guía dos libros novos* 8, 21.
- Noia, Camiño (1993). "O cego de Pumardedón". *Grial* 117, 129-132.
- Noia, Camiño (2000). "A narrativa de posguerra". En VVAA, *Galicia. Literatura*. Tomo XXXIV, 86-149. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Quintela, Anxo (1989). "Catro libros de narración". *Grial* 101, 125-129.
- Rivadulla Costa, Diego (2019). "(Des)memoria cultural e ficción literaria: o caso da narrativa galega actual sobre o franquismo". En Codina, Núria, & Pinheiro, Teresa (eds.), *Iberian Studies: Reflections across Borders and Disciplines*, 233-253. Berlin et al.: Peter Lang.
- Rivadulla Costa, Diego (2021). "Memoria histórica y narrativa gallega. Factores, dimensiones, agentes y debates de un boom supraliterario en el contexto estatal", *eHumanista/IVITRA*, 19, 190-207.
- Rodríguez Fer, Claudio (1994). *A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)*. Vigo: Xerais.
- Thompson, John (2009). *As novelas da memoria*. Vigo: Galaxia.
- Varela Jácome, Benito (1989). "Prólogo". En Fariña Jamardo, José, *Golfaróns de sangue*, 5-10. Sada: Ediciós do Castro.
- Velasco, Carlos (2008). "Memória histórica, identidade nacional e discurso literário na Galiza". Disponível em http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudos/ail2008_carlos.pdf (Consultado en 25.05.2022).

Vilavedra, Dolores (ed.) (2000). *Diccionario da literatura galega*. Vol. III. *Obras*. Vigo: Galaxia.

Vilavedra, Dolores (2010). *A narrativa galega na fin de século*. Vigo: Galaxia.

Vilavedra, Dolores (2011). "Guerra civil y literatura gallega", *Cuadernos de la Revista internacional de estudios vascos*, 8, 62–77.

Vilavedra, Dolores (2015a). "Literatura en el espacio público. Rivas y su obra: un punto de inflexión en la recuperación de la memoria histórica". *Olivar*, 16/24. Disponible en <https://www.olivar.fahce.unlp.edu.ar/article/view/Olivar2015v16n24a02> (Consultado en 25.05.2022).

Vilavedra, Dolores (2015b). "Do vivencial ao contestatario: a evolución no tratamento da guerra civil na narrativa de Manuel Rivas". En Dubert, Francisco, Rei-Doval, Gabriel, & Sousa, Xulio (eds.), *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*, 237–250. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Carlos-Caetano Biscaíno-Fernandes, Universidade da Coruña (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda